

PREVER A MORTE ¿UNHA ILUSION?: Reflexions sobor do estatuto científico das premonicións

Marcial Gondar Portasany

Noutro lugar temos escrito sobre as funcións que cumplen dentro da estrutura social este coñecemento anticipado da morte que a sociedade galega tradicional designa como “avisos”, “citas”, “sinais”, etc. (Gondar, 1983). Aquí queremos acercarnos a unha pregunta da que, ordinariamente, fuxen os antropólogos: ¿como se explican ou, se se prefire, que fiabilidade ofrecen deste o punto de vista da ciencia estes coñecementos “ante factum” que desde a perspectiva da experiencia cotidiana do non urbano galego aparecen como algo extraordinario?

O primeiro que convén ter presente é que non é posíbel facer un tratamento homoxéneo do fenómeno dos “avisos”. Desde a nosa perspectiva, impón-se considerar dentro deste campo tres tipos de fenómenos:

– En primeiro lugar, están aqueles avisos que, se ben e a primeira vista, aparecen como fora do normal, cando son analizados con detalle ve-se que poden quedar suxeitos a unha explicación que non necesita saír dos modelos considerados usuais neste tipo de análise.

– Nun segundo momento trataremos aqueles casos nos que o destinatario do aviso recibe información de feitos que están sucedendo no mesmo momento en que este se produce pero que a distancia que media entre receptor e emisor fai inviábel explicá-los através dos canais sensitivos ordinários. Neste caso, a comprensión do fenómeno terá que acudir á chamada teoría telepática. Por suposto que a garantía deste tipo de razoamentos é mui inferior á que reciben os feitos deo primeiro apartado e descansa no valor de científicidade que se conceda á telepatía.

– En último termo, trataremos de enfrentar-nos a aqueles extraños casos que non poden ser subsumidos nen desde a hipótese da sensación normal nen desde a telepática. Son estes os únicos que propiamente poden receber o nome de “premonicións” por canto só neles hai un coñecemento do fenómeno anterior ao seu cumprimento real. Anticipando-nos á nosa análise, hai que dicir que para este tipo de fenómenos carecemos até o momento de modelos de comprensión, e só poderemos elaborar hipóteses mais ou menos plausíbeis.

1. Fenómenos con explicación ordinaria

Cando comeza a análise do complexo mundo dos avisos, atopamo-nos con que unha cantidade bastante considerábel son variacións do caso do tipo seguinte:

“ Andabamos á merluza no Gran Sol. Eu estaba dormindo enriba dunhas cordas na popa do barco e despertei sobresaltado pensando que outro barco viña enriba de nós. Había bastante néboa, pero contodo ben puđen ver que non pasaba nada. Volvín a dormir e outra vez a despertar coa mesma cousa; hasta sentía como un peso no corazón, algo que me afo-gaba. Aquelo non me gustou nada, non me daba boa espiña. O primeiro que me veu à ca-beza foi si non pasaría algo na casa; meu pai e meus irmáns tamén andan ao mar. Desta vez inda tarde en quedar-me dormido, creo que me dormin porque estaba baldado do traballo. Outra vez a ter o mesmo soño; era como un muelle que me facia levantar; vin outra vez o mesmo barco que a toda máquina se nos estaba botando enriba pola popa, pero aquela vez era verdad. Tuven tempo de ir ao puente e avisar ao patrón, salvamo-nos de milagro. Eu non quero saber nada de misas e de eso pero son mui devoto da Virxe do Carme, creo que foi ela quen me deu ese soño e me despertou”.

“Hai bastante tempo que pasou, pero sempre me quedou aquilo, penso que Nuestro Señor non mo perdoará. Tería de aquela dazaoito anos, mais ou menos. Había un pobre que andaba polas portas pero si nalgunha casa tiñan algun traballo tamén o facía, despois dabase-lle algo. Aqueles días estaba na nosa casa partindo leña e pola noite dormía no alboio. Unha noite, sería por aí a unha da noite, estaba eu xa na cama pero completamente desperta, desperta como estou agora, podo-cho xurar, e empezou a cheirarme a palla queimada; ademais do cheiro, eu vin o pobre ardendo no alpendre, casi nin podía berrar, estaba casi afogadiño polo fume, o lume salía xa polo tellado. Inda quedei un pouco parada, pero er-guinme na cama como unha centella e salín mirar pola ventana. Desde a miña ventana vía o alpendre todo; nin había fume nin menos se miraba lume por parte ningunha. Tan asi que-dei co que vira que inda debin de estar ali como unha média hora. Volvin-me deitar, pero serían por aí as oito da mañán cando despertei cos berros da xente da casa. O alpendre estaba queimándose, casi estaba ardido de todo, como eu o vira. Si me levantara e fora ali o pobre vello non morría daquela maneira. A culpa foi toda miña...”

Para a explicación destes sucesos, desde o noso punto de vista, non é en abso-luto necesario acudir á telepatía ou á precognición: poden ser clarificados perfeita-mente acudindo a unha *percepción subconsciente* debida a unha agudización da sen-sibilidade dun ou doutro nos nosos sentidos.

A percepción subconsciente de sensacións externas tanto durante o sono como en momento en que os “ruídos” do entorno non son excesivamente envolventes e confusos é un feito perfectamente establecido e pode ser confirmado empiricamente naqueles casos en que as situacións poden construír-se de modo experimental median-te a utilización de estímulos externos.

Pero, ademais, é algo plenamente aceptado que durante o soño podemos estar insensíbeis á maioría dos estímulos sen que isto signifique que non mantexamos a sensibilidade para algúns estímulos especiais como é o caso da nai á que non afectan unha serie de ruídos ás veces de muita intensidade, e reacciona, porén, a sons ou move-mentos do seu fillo cuantitativamente muito menos significativos, ou do médico a

quen o primeiro son do teléfono xa desperta, cousa que non logran os choros ou os berros dos seus fillos pequenos. A hipnose é outro caso do mesmo tipo: o hipnotizado permanece inafectado por todos os estímulos excepto pola voz da hipnotista a quen obedece.

O caso do mariñeiro que presentábase é un mais dentro desta categoría. A xente do mar, dada o especial perigo do meio, podemos hipotizar con fundamento que vive nunha permanente atención ás distintas fontes posibles de problemas. Verbalizan-no eles mesmos moitas veces cando din que “no mar non se pode dormir; cando se che pecha un ollo tes que procurar que o outro che quede aberto”. Nesta situación, parece-nos improbable sospeitar que o mariñeiro en cuestión, mesmo durante o sono, en virtude desa especial atención “sentise” o apito do outro barco que se aproximaba e fose isto o que produciu o soño da colisión, que o alarmou e despertou.

Isto confirma-se, ademais, se aceptamos a interpretación dos soños como intentos de solución aos problemas que nos presenta a vida cotidiana (Hadfield, 1977, 175-213). A súa “premonición” non é máis do que unha representación similar á que faría un estado de vixília se percebesse o son do apito sen poder ter, dada a néboa, unha imaxe visual do perigo.

No caso que nos ocupa temos, ademais, que explicar o feito de que cando desperta non percebe o son. Dous son as razóns que encontramos para isto. En primeiro lugar, toda persoa medianamente relacionada co mundo do mar pode falar-nos das múltiples distorsións que tanto a nivel auditivo como visual induce a néboa. O mesmo apito pode emitir sons que se perciben unhas veces como a millas de distancias e outras como soando case ao lado.

A segunda razón, que é complementaria da primeira, basea-se na especial sensibilidade do subconsciente con respecto a aqueles estímulos para os que está orientado. No estado de sono prodúcese unha especial desconexión co mundo exterior no sentido de que, por dicé-lo de algunha maneira, os canais que queden en funcionamento son os que se relacionan cos centros de interese (Meisner, 1958, 297). O que ten lugar entón é unha eliminación de moitos dos ruídos que serían normais na vixília e deste modo unha mellora da sensibilidade naqueles obxectivos para os que o suxeito está motivado.

O caso do incendio, se ben pertence ao modelo xeral, ofrece un complemento interesante.

Debe-se notar, en primeiro lugar, a especial situación en que se encontra o suxeito receptor; está desperta, pero o meio —o silencio das primeiras horas da noite— ofrece unhas condicións óptimas para a sensibilidade en canto que hai unha eliminación case total das perturbacións propias dos variados traballos diurnos. Teña-se en conta que a primeira sensación á que fai referencia a narradora é unha percepción olfativa: “empezou a cheirar-me a palla queimada”. Até este momento está-se, practicamente, repetindo o paradigma anterior.

A novidade aparece nunha segunda etapa, cando se fai referencia á visión do alboio e do mendigo envolto en chamas, o que horas mais tarde, virá confirmado pola realidade.

O aparentemente raro da premonición pode ser perfectamente explicado se o vemos como unha *dedución lóxica* que o suxeito fai sobre a súa primeira experiencia olfativa, a única real. Unha vez experimentada esta, o cheiro a palla, erba queimada, etc., remite-a ao alboio, cando non se utiliza palleiro, o seu lugar natural (lembre-se, ademais, que o ten enfrenta da súa xanela). Se a isto somamos que ela é perfectamente consciente de que o mendigo está ali a dormir, temos todos os elementos para a cadea lóxica: cheiro a palla queimada, logo o alboio ten que estar a arder, logo o mendigo está-se queimando.

O problema a resolver é porque non se dá unha distinción entre o que é experiencia (o cheiro a palla queimada) e o que é dedución (o alboio e o mendigo ardendo). A explicación temo-la se consideramos o que nos di a psicología da percepción sobre a asociación das sensacións: cando experimentamos unha sensación coa que nos sentimos especialmente comprometidos ben polo pracer que nos causa ou polo temor que nos provoca, tendemos a corporeizá-la criando correlatos a nivel dos sentidos que non entraron na sensación oxirinal.

Confirmo a experiencia ordinária. A maioría das persoas que participan nunha velada en que se contan historias de terror, ou asisten a unha película de suspense, se ao remate están sós e supomos un contexto de escuridade, tenden non só a reproducir as escenas, senón a lles agregar sensacións ás que na experiencia orixinal non se fixo referencia e/ou o terxiversar sensacións actuais pondo-lles o disfarce das imaxes pasadas: árbores que se identifican con figuras, ruídos con pasos, etc.

Se pomos o dito no contexto da sociedade galega tradicional, e isto é común con calquer sociedade que xunto á realidade empírica considere que tamén o metaempírico é un elemento da contidianeidade, entenderemos que se potencien até o máximo estes mecanismos do comportamento perceptivo.

A razón é clara, o mecanismo de racionalización empírica que no mundo urbano intenta recortar todo o que a nivel experiencial rebasa as barreiras do positivo, non só non se dá nas sociedades tradicionais, senón que, contrariamente, o feito de que a súa racionalización teña integrado o metaempírico como normal provoca que a menor oportunidade que ofrece o dado sensíbel sexa aproveitado ao máximo para xustificar a súa "Weltbildung".

Resumindo, o que defendemos co dito até aquí e que en circunstancias de certo "silencio" ou mesmo con ruídos, pero de natureza homoxénea, o subconsciente, mesmo cando o suxeito durme, pode estar en situación de captar determinados estímulos de especial interés, tendo lugar unha hipersensibilización da sensación e mesmo a suspensión dun determinado estímulo —o caso do muiñeiro que acorda ao parar o ruído da moa é un lugar común— pode ser facilmente apreciada mesmo cando a nivel consciente non se estaba sendo sensíbel.

Por suposto que unha explicación deste tipo implica a crenza de que o noso subconsciente pode perceber estímulos que a conciencia non percebe, o que por outra parte é un feito comunmente aceptado, e que isto pode acontecer mesmo en estado de sono.

Vamos dar agora un paso mais. Un grupo bastante considerábel de avisos de morte, está baseado no comportamento de determinados animais. O can que ladra dun xeito especial e a presenza arredor da casa do moribundo de corvos, pegas, mouchos, moscóns, etc. é un dos capítulos mais abultado na recolla de materiais.

Aparte de haber razóns de tipo simbólico, desde o punto de vista do fundamento que o aviso poda ter, que é o que aquí nos interesa, pensamos que se basea a explicación, no feito de que esta hipersensibilidade para algúns estímulos á que antes nos referimos, non é privativa das persoas, senón que a hai que extender, e con mais motivo xa que neles a percepción sensorial está muito mais desenvolvida, aos animais. Convén notarmos que a maioría dos animais a que os avisos fan referencia viven de comer—ou, polo menos, está aínda moi próximo o tempo en que se alimentaron, como é o caso do can— de carniza.

Parecenos unha hipótese plausíbel pensar que a descomposición do organismo que a morte patentiza comeza a suceder durante a enfermidade terminal, de sorte que actuaría como estímulo para a sensibilidade xa condicionada deste tipo de animais.

Por suposto que non cremos que isto explique a totalidade dos casos nen tampouco isto é necesario, mais chegaría con que se dese en algúns para que constituíse unha base que posibilite integrar moitos outros casos que talvez só se deban á casualidade.

Todo o que estamos a dicir da sensibilidade a estímulos externos ten tamén lugar nas sensacións internas. O noso corpo non só capta os sinais do exterior: é, tamén, unha caixa de resonancias para todo o que sucede dentro de si. Daí que a teoría da percepción subconsciente haxa que aplicá-la tamén neste ámbito. De feito, a maioría das premonicións experimentadas polo propio interesado pensamos que non ofrecen outro tipo de explicación.

2. Fenómenos con explicación telepática

A explicación que acabamos de dar, baseada na percepción subconsciente e na hipersensibilidade, non pode dar razón do grupo de casos cos que agora nos enfrentaremos, caracterizados por unha tendencia á simultaneidade entre o suceso e o seu coñecemento por parte do destinatario e, ademais, pola existencia dunha distancia entre ambos os dous de tal magnitude que é dificilmente compatíbel con unha experiencia perceptiva normal, ben consciente, ben inconsciente.

Entre os moitos casos que se puideran aportar vamos utilizar como paradigma un que, ademais de reunir os requisitos substantivos deste apartado ten para nós a

vantaxe de que en muitos momentos do mesmo fomos observadores de primeira fila e, cando isto sucedeu, pudemos ter acceso ás personaxes que interviron:

“Aquella tarde de finais de verano, sobre las siete como era mi costumbre siempre que estaba en el pueblo y podía, me dirigí hacia la iglesia para pasar el rato con el grupo de viejas que a la espalda de la misma pasaban invariablemente revista a toda la vida de la villa. Son estos grupos, cuando se consigue ser aceptado, las mejores canteras de informantes. Llevábamos algún tiempo hablando cuando una mujer ya de edad se vino directamente hacia el grupo y casi sin saludar soltó la noticia. Recuerdo que en aquel momento tuve una sensación muy parecida a cuando la televisión suspende el programa para dejar paso a una novedad de mucho fuste.

—E logo non sabedes? como vades saber si acaba de pasar! Rosa, a filla de Pepito, que lle acaba de dar un vaído porque di que lle acaba de morrer o home. Está a casa chea de xente, esa rapaza desfai-se, está desfeitña, ai, Dios miño que se lle foi meter na cabeza!

Confieso que sin conocer al personaje de quien se hablaba la historia me resultaba bastante incomprensible; poco a poco fui ampliando la información. La tal moza de Pepito era una moza de unos veinticinco años que se había casado dos años hacía y tenía a su marido trabajando en un carguero que en aquel momento hacía la ruta desde Holanda a Sudáfrica.

Pues bien lo que estaba sacando en limpio de la narración de la recién llegada es que la tal Rosa, no sabía yo en aquel momento por qué motivos, había dado en convencerse de que su marido se había muerto en el barco. El caso, aparte de en mí, suscitó el máximo interés en una de las contertulias vecina e incluso algo pariente de la muchacha. Le pedí permiso para acompañarla cuando vi que estaba dispuesta a ir allá y con ella de introductora pude entrar en casa de Rosa.

Como nos había anunciado, la casa estaba llena de gente. Cuando llegamos ella estaba sentada en la cama y otra muchacha le pasaba el brazo por encima del hombro en un gesto de apoyo no sólo moral, sino también físico. La señora Mercedes —mi introductora— nada más llegar quiso tener información de primera mano. Rosa no tenía reparo alguno en contar la historia; el tono de narrar sugería que no era ya la primera vez que lo hacía:

—Eu estaba falando con Marujita de Salgado, viñamos as duas da casa do señor Besada /la panadería/, estábamos as duas aquí falando na miña porta. Eu estaba falando toda tranquila e de repente sentin así como que se me iba a cabeza, que se me borraba todo... e vin, nunca tal me pasara, vin a Santi /su marido/ como vos vexo a vós aquí, mesmo así, mesmo así /llora/. Estaba pintando un palo do barco, levaba unha camiseta encarnada e estaba sentado en esos andámios que poñen para pintar os barcos. Eu estaba así mirando para el como si o tuvera na casa do Pote /cinco o seis metros de distancia/ e nese momento mesmo vin a cara de sobresalto que poñía, rompeu un cabo do andámio, inda teño o berro que meteu aquí clavado nos oídos; matou-se o meu home! o meu homiño!! desfixo a cabeza contra a cubierta!!

Tiene lugar por unos cinco minutos un ataque nervioso muy fuerte durante el que las acompañantes lo único que hacían era agarrarla para que no golpease la cabeza contra la pared como parecía ser su intención.

Entre las presentes seguía Marujita de Salgado, lo que me interesaba de ella era evidentemente la forma en que había percibido el suceso:

—No miré nada, yo no miré nada. Estaba hablando conmigo de irmos las dos al cine. No sé como miré pa ella y estaba blanca como la cera. Miré que caía pero no tuve tiempo a echarle una mano; cuando quise ya estaba tirada. Cuando vino en si me contó eso pero yo no miré nada.

Los razonamientos con que los presentes pretendían tranquilizar a Rosa casi todos venían a resumirse en convencerla que todo había sido una imaginación. Los comentarios que a media palabra intercambiaban unos con otros, manifestaban que no estaban demasiado convencidos de lo que pretendía hacer creer a la muchacha.

Visto el fuerte convencimiento con que Rosa vivía su experiencia fue cambiando, sobre todo por parte de las personas de edad, casi insensiblemente, la orientación de los consuelos hacia otros del tipo siguiente:

—Non te poñas así, Rosa, a min pasou-me co meu fillo Ramón unha cousa parecida, e despois foi que rompera unha perna, eu tamén pensaba no peor e xa ves. Ademais ti viche-lo caer pero nada máis.

A todo esto, llegó el marido de una de las amigas de Rosa. Trabajaba en el mismo barco que Santi y estaba aquellos días en el pueblo de vacaciones. Nada más entrar y enterarse del caso se enfrentó con Rosa directamente en el sentido del primer tipo de argumentaciones. No tuvo mejor suerte que los anteriores pero sí supo dar un paso más que creó expectativas en ella. Insistía en que era una tontería pero para salir de dudas y evitar preocupaciones lo mejor era comprobarlo. Se ofreció para hacerlo él mismo llamando por teléfono a París, a la central de la compañía. Dos o tres mujeres salieron con él y la espera no fue demasiado larga; a la media hora volvían todos con cara de alegría: en ningún barco de la Consignataria había sucedido accidente alguno.

Todo fue alborozo en la casa salvo Rosa que como amodorrada parecía no advertir que la noticia convertía definitivamente en imaginación su sensación de aquella tarde.

De lo que pasó de ahora en adelante ya no puedo dar fe como testigo directo, yo me marché con la señora Mercedes al poco tiempo de llegar el resultado de la llamada a la compañía.

A la mañana siguiente la noticia era el comentario de todo el pueblo. A media noche de la Compañía habían llamado a Martín /el que hizo la consulta por la tarde/ para comunicarle que Santi había muerto de accidente cuando estaba pintando el barco sobre las seis y media de la tarde. La noticia de la tarde se explicaba porque estaba hecha sobre el parte recibido por la Compañía a las cinco cuando, ciertamente, no había sucedido nada.

Martín se ofreció a ir con un hermano de Rosa a recoger el cadáver de Santi a Dakar donde el carguero iba a desembarcarlo. Cuando hablé con él, el mismo día que llegaron de vuelta, estaba desencajado: hasta la camiseta roja que había visto Rosa coincidía con el hecho tal como había tenido lugar en la realidad”.

O caso visto, así como outro muitos do seu estilo, cabe sempre a tentación de o explicar como unha casualidade. Unha muller, sobretodo cando o seu home ten unha profesión perigosa, tende a estar preocupada pola súa seguridade e esta intranquilidade constante é fácil que orixine alucinacións que ás veces coinciden co feito real.

A cantidade de pormenores que a visionaría deu: o tempo, o lugar do accidente, o tipo de traballo que estaba realizando e até a roupa que levaba o seu home fan bastante improbable a hipótese da casualidade.

O feito pode, porén, explicarse facilmente como telepático, se é que cremos na telepatía, unha hipótese bastante menos inaceitábel hoxe en día que no pasado, a partir dos rigorosos experimentados de Soal e Bateman (1954) en Inglaterra e de Rhine (1934) en América. Os rusos fixeron aportacións tamén neste campo; Vasiliev, nunha obra publicada en Leningrado en 1962 e traducida ao inglés ao ano seguinte como *Experiments in Mental Suggestion* presenta as experiencias levadas a cabo polo Insti-

tuto para a Investigación do Cerebro de Leningrado entre os anos 1921 e 1938. O interesado poderá encontrar nesta literatura casos muito mais precisos e controlados dos que nós podemos presentar aquí.

Se a telepatía existe, é de supor que funcione naqueles casos como son os de morte iminente, en que o cerebro está sometido a unha grande tensión emocional. Esta é, quizá, a razón pola que, arredor do momento da morte, encontramos unha cantidade tan considerábel de fenómenos deste tipo.

Arredor do problema de como son transmitidas estas mensaxes existe unha pluralidade de teorías, que se poden dividir, con todo, en dous grupos: aquelas que explican o fenómeno desde presupostos materialistas e os que manteñen posturas de tipo mentalista.

Entre os primeiros destaca a proposta por Hans Berger (1940), o psicólogo que descubriu a técnica de grabar as ondas cerebrais mediante o electroencefalógrafo. Segundo el, os cambios eléctricos no cerebro son débeis de mais para explicaren a telepatía; con todo, defende que a enerxía eléctrica xenerada no cerebro emisor transforma-se en enerxía psíquica, a cal transmite-se no espazo pasando através dos obstáculos sen míngua nengunha. Cando alcanza o cerebro do destinatario, transforma-se de novo en enerxía eléctrica, a cal produce no receptor experiencias correspondentes coas do emisor.

As teorías do segundo tipo, todas elas implicando o dualismo corpo-mente, son varias. A mais comun move-se dentro dos postulados dun certo “inconsciente colectivo”, un concepto expresado un tanto poeticamente xa por W. James:

“There is a continuum of cosmic consciousness, against which our individuality builds but accidental centers, and into which our several minds plunge as into a mother sea”.

O postular un inconsciente colectivo fai posíbel hipotizar ben que as experiencias dunha persoa poden influenciar directamente as de outra dado que todas as experiencias non son, profundamente, outra cousa que contidos dunha única conciencia englobante, ou ben afirmar que as experiencias de un poden afectar indirectamente a outro ou a outros por medio da modificación dese substrato que chamamos inconsciente comun.

Nestas dúas liñas de interpretación moven-se as teorías do inconsciente comun, cos seus representantes mais coñecidos, que son: Price (1948/49), Tyrrell (1938) e Crington (1945).

Está fora das nosas posibilidades o entrar nunha revisión crítica de todas as teorías. Tomando como postulado o mínimo comun a todas elas, isto é, a hipótese de que é posíbel unha comunicación que vaia alén das potencialidades perceptivas ordinárias, podemos aportar algunhas precisións á teoría telepática baseadas no noso traballo empírico.

Os casos con que nos atopamos na nosa colleita etnográfica considerados desde o

punto de vista do que vamos chamar a “viveza da mensaxe” —entendendo por tal o grau de correlación entre a “figuración” do comunicado recibido e o suceso real— poden ser clasificados nun contínuum constituído por catro grupos que vamos denominar: “escena”, “figura”, “pensamento” e “sinal”.

– O grupo primeiro está constituído por aqueles casos en que o destinatario da mensaxe ten unha clara percepción do que está sucedendo ao emisor, percepción que podemos denominar “fílmica” ou de “escena”, no sentido de que é percibida con abundancia de detalles. As percepcións tipo “escena” poden ser de dous tipos, que denominaremos “total” e “parcial”. Escena total é cando a percepción abarca a totalidade do suceso, como sucedía no caso do accidente de Santi que nos serviu como paradigma. Escena parcial é cando da totalidade só se recollen aqueles rasgos máis significativos, tal como a muller que percebe claramente o ruído da explosión do pozo petrolífero en que traballa o seu home en Venezuela, ou os dous irmáns de nove e once anos que senten o cheiro da explosión das caldeiras do barco en que traballa o seu pai e que navega á altura de Irlanda.

– No grupo segundo sitúan-se aqueles fenómenos en que o fondo escénico, no sentido de escenário en que sucede a morte real, desaparece, tendo-se acceso unicamente á figura do que vai morrer, máis de forma descontextualizada. A “figura” tamén pode presentarse en dúas versións, ben como coñecida xa desde os primeiros momentos, ben como descoñecida, por máis que, nunha segunda etapa, se identifique. Casos de figura coñecida con os do tipo: avó que ven despedir-se da súa nora embarazada, colocando-se enriba dela, a madriña vista pola súa afillada andando, máis sen pousar os pés no chan, a cunhada, que ve o seu cunhado aparecendo e desaparecendo, cando a verdade é que está a moitos quilómetros, doente nun sanatorio de San Sebastián. Como caso de figura descoñecida, vale-nos de paradigma o caso do fillo que ve no barco unha figura de muller, cre que é a esposa do capitán e despois resulta ser a súa nai.

– O terceiro tipo caracteriza-se pola mensaxe, que non é recibida polos sentidos externos, senón que se experimenta como unha sensación interior ou a nivel mental ou a nivel emocional. O fillo que desde a distante América acorda ás tres da mañá pensando no pai xustamente á hora en que este morría é un bon exemplo do tipo.

– O grupo dos “sinais” caracteriza-se porque entre a forma que a mensaxe recibida ten e a realidade a que esta responde non existe nengunha relación en canto á imaxe. Diferentemente do que sucedía nos casos do primeiro tipo, a dimensión fílmica ven substituída pola dimensión simbólica. Cadran neste apartado casos do tipo do que está a falar con un amigo e repentinamente sente, sen o ver, que lle dan unha bofetada na cara, vai á súa casa e encontra-se con que acaba de morrer o sogro, ou do que sente golpes na cocíña e ruído de ratos no momento en que o seu cunhado afoga no mar, etc.

Se correlacionamos o tipo de visión, o grau de relación entre emisor e receptor

e a distancia que existe entre ambos, podemos establecer as seguintes conclusións que aquí ofecemos a xeito de anticipación dun tratamento cuantitativo do material de “avisos” en curso de elaboración:

– As percepcións de tipo representativo ou fílmico son directamente proporcionais ao grao de proximidade afectiva entre o destinatario e o emisor. Pode-se establecer, para estes casos, unha estrutura bipolar que, de mais a menos, pasaria polos seguintes puntos: marido vs. muller, muller vs. marido, fillos vs. pais, pais vs. fillos, irmáns entre si, amigos e veciños. As percepcións fílmicas quedan practicamente reducidas aos tres primeiros puntos; nos demais, non son cuantitativamente significativas.

– As “figuras” teñen unha estrutura semellante ás percepcións tipo “escena” coa diferenza de que cuantitativamente se estenden até o punto cinco da escala que acabamos de establecer.

– En canto aos “pensamentos” e “sinais”, nota-se unha distribución tendendo a homoxénea en toda a extensión da escala.

– O número de mensaxes recibidas é directamente proporcional ao grao de proximidade afectiva entre emisor e receptor. Convén precisar, aínda así, que non é frecuente a repetición de mensaxes en nengun dos puntos da escala; o único que pretendemos afirmar é que as poucas veces que se dan, tenden a correlacionar-se cos tres primeiros puntos.

– A distancia atravesada pola mensaxe é directamente proporcional ao nivel de relación afectiva entre mandante e destinatario, de maneira que mensaxes emitidas desde Europa e mesmo desde América costuman ser recibidos polo grupo de parentes próximos.

As correlacións que acabamos de establecer entre percepción de mensaxes e escala de parentesco e proximidade non as hai que entender no sentido de que o parentesco sexa a variábel independente que coa súa presenza ou ausencia determina unha ou outra forma de percepción do aviso; trata-se, unicamente, de correlacións en sentido matemático, sen nengunha relación no campo da causalidade. Como, por outra parte, os datos cuantitativos necesitan ser interpretados, é preciso que nos planteemos o problema de se é posíbel encontrar algunha pista no campo da causalidade.

Coa intención de conseguir isto, e a modo de hipótese, podemos discorrer así: as actitudes de apego que observamos no parentesco non veñen determinadas polo feito do parentesco en si, senón polo grao de dependencia que se dá entre a persoa que está a piques de morrer e o destinatario do aviso.

Baseamos esta afirmación no convencemento de que cando dicemos sentir a morte de outro, nunha proporción moi grande o que estamos a querer dicir é que nos dói o transtorno que para a planificación e desenvolvemento da nosa propia vida significa esa morte.

Exaxerando un pouco os termos expresaríamos bastante acertadamente o que queremos dicir se afirmamos que nas lágrimas pola morte do outro estamos a chorar por nós mesmos. E a necesidade que temos dos demais o factor fundamental que explica o noso sentimento por eles cando os perdemos.

En relación a este concepto de necesidade que acabamos de introducir, convén termos presente que o hai que entender no mais amplo sentido: económico, de apoio da afectividade, etc. Ademais, interesa salientar que non se trata tanto dunha necesidade obxectiva canto da vivencia que subxectivamente temos da dependencia, que pode ou non corresponder co feito "real" da mesma.

A quen lle pareza a afirmación forte de mais, conviria-lle reflexionar nos seguintes datos que proporcionan as análises de niveis de ansiedade inducidos pola morte de persoas achegadas:

— Diante da morte dun dos seus pais, a ansiedade inducida nos fillos en casos normais e excepto os seis primeiros anos, vai apresentando menos problemas á hora de reorganizar a identidade prexudicada canto mais alta sexa a idade do fillo cando sucede a morte (Goodman, 1981, 11-25). Confirmanolo a nosa experiencia cotidiana: non é o mesmo para un fillo que a sus nai lle morra aos cuarenta anos que nos inicios da súa adolescencia.

— Mantendo constantes as demais variábeis, un fillo a quen durante o proceso educativo, fomentaron a dependencia, sobretudo da nai, ten moitas menos defensas á hora de se enfrentar coa realidade da morte dos seus proxenitores que outro que foi socializado nun ambiente de relativa autonomia. (Miller, 1981, 13-20).

— As viúvas que, á morte do seu home, quedan nunha situación económica e social ben estante no sentido de que non teñen problemas de dependencia económica de instancias alleas e que se senten con forzas para, por si mesmas, manter os contactos sociais antigos ou establecer outros novos, presentan moitos menos traumas no proceso de recuperación que aquelas outras que se encontran en má situación económica e sen experiencia de traballo fora do seu fogar. Convén notar que existe neste grupo unha tendencia a interpretar os seus traumas como consecuencias de non poderen recuperar o desánimo en que as sumiu a morte do esposo. (Egli, 1981, 85-90).

Fácil é de ver que todos estes resultados están a abonar a postura da que partíamos: é o grao de necesidade que se cre ter de cara á persoa falecida o que determina, nunha considerábel proporción, o afecto para con ela encanto vive o sentimento cando a moarte no-la arrebatou.

O feito de que as dependencias fundamentais tenden a ter lugar dentro da familia unido ao noso reparo en recoñecer as dimensións egocentristas da nosa afectividade motiva que se produza a ilusión de que son as relacións de parentesco por si mesmas as que inducen as situacións traumáticas que supón a morte dun achegado, de sorte que canto mais íntimos sexan eses lazos mais forte sería o trauma.

O feito de que, como vimos, o determinante último non sexa a relación de parentesco senón o grau de dependencia entre as persoas, sexan ou non parentes, explica, sen os ter que considerar como excepcións, aqueles poucos casos en que as representacións de tipo fílmico aparecían fora do contexto dos familiares íntimos:

Todo o que levamos dito permite-nos facer unha aportación á teoría telepática: a presenza e mesmo o distinto tipo de percepcións que se producen nos casos de telepatía no momento da morte non dependen unicamente do emisor senón que, como sucede tamén nas transmisións mecánicas, están condicionados polo receptor.

E dado que as relacións de apego non son necesariamente equilibradas, no sentido que signifiquen graus de dependencia igual polas dúas partes, parece que podemos hipotizar que, a igual potencial do emisor, é o receptor o que determina a presenza e tipos de mensaxe.

Desde este suposto, quizá podan recibir explicación segmentos da escala de emisores/receptores de avisos como é, v.g. o feito de que fillos vs. padres ocupe unha posición mais alta que padres vs. fillos, cando parece que podemos supor que a nivel de apego, aínda que por razóns distintas, os pais igualan, canto menos, aos fillos.

Se só dependese do emisor non se ve razón para que os fillos, cando actúan de receptores, tivesen un nivel de percepcións fílmicas considerabelmente inferior á que teñen os pais como destinatarios de mensaxes. Só desde o suposto que o desaparego dos pais, cando se dá, é moito menos intenso que o que ten lugar nos fillos, sobretudo a medida que crecen en idade, resulta comprensíbel a diferenza.

3. Premonicións

A parte de aqueles casos que se poden explicar como percepcións subconscientes e/ou hipersensibilizacións e aqueles outros que poden recibir un sentido desde a telepatía, existe aínda un terceiro tipo que non é susceptíbel de ser subsumido nos raciocínios anteriores. Está constituído por aquelas historias nas que o que a vivencia ten acceso ao coñecemento dun feito que aínda non sucedeu —ás veces chega a suceder mesmo anos mais tarde— e que por suposto non pode ser explicado por inferencia lóxica, como facíamos con algun caso do primeiro tipo:

“... eran as once da noite e estaba chovendo a chuzos, acordareime sempre. Seino porque Manolito /o seu fillo/ salira co maestro, que levara aos rapaces da escola a ver non sei que cousa a Pontevedra e aínda non chegara. Foron pola mañán cedo nun coche e quedaron de vir polas oito e aínda non chegaran. Eu sentín dar as once no reló da sala, hasta re recordo que conteni as campanadas. Eu xa non quería que fose porque era o día do seu cumpleaños, o vinte catro de Marzo, e gustabame que estivese comigo, pero el empeñouse e tuveno que deixar ir. A min non me gustaba que salira porque facía pouco que morrera mamá e o meu home estaba en América, levaba dous anos en Venezuela, e tiña un aquel cando estaba sola na casa, inda o teño aora.

Eu estaba moi alterada e ao que sentir dar as once entrei na habitación que está ali de lado da sala para coller algo que poñer e salir a buscálo.

Nunca ali eu entrara, a parede que dá diante da porta, bueno, xa antes de entrar vin asi como unha claridade. Cando entrei quedei, bueno, creo que me escapou o sangue do corpo, nunca vira unha cousa asi, a parede parecia como si fora o cine, como unha televisión que enchera a parede enteira. Quedei ali clavada como un pau. Era como si desaparecera a parede e se pudera ver todo o muelle. Iban dous homes, iban ca roupa daugas posta pero ben os conocin no andar e no xeito do corpo, eran Manuel, o meu home, e mais o Figueiro, un home de aqui que cando Manuel estaba sempre andaban xuntos, andaban xuntos ao mar na nosa dorna.

Andaban polo muelle e casi podia con eles o vento. Eu seguia ali parada sin me poder mover. Chegaron onda o barco e Manuel saltou a borda para poñerlle un chicote.

O barco iluminouse todo, foi todo nun momento, el tiña un risón na man e a chispa deu voltas e voltas ao redor. Vin que Manuel caía e quedaba co corpo dobrado enriba dun tolete. Apagouse todo outra vez e non hubo xa mais nada, todo volveu a quedar coma sempre.

Non sei canto tempo quedei ali. Deume un ataque dos nervios e sólo me acordo que choraba enriba da cama.

Cando volveu meu fillo atopoume ainda ali. Non lle quixen contar o que me pasara, sólo lle dixen que estaba mui preocupada porque non daba chegado.

Levanteime cedo ao día seguinte e fun poñer un telegrama. Pedíalle a razón dunhos papeles coma que me facian moita falta. Tuven noticias ao pouco tempo pero non era capaz de estar tranquila, non podia botar aquilo da cabeza, para min que tiña que pasarnos algo.

Cando lle escriben puñenlle que Manolito estaba enfermo, que non se sabia o que tiña, que era mellor que deixara todo e volvera pá casa. El queríame moito, e o neno non tiña outros ollos por donde mirar asi que deixou alá todo e volveu.

Cando chegou tuvenlle que contar a verdá, pensei que me mataba, nunca o vira asi tan tolo, pero co tempo foille pasando.

Non quixen que volvera ao mar nin nada que tuvera que ver. Inda falaba de poñer con outros unha batea pero dinlle pra trás canto poden e guíouse.

Dabaselle moi ben o de mecánico e en Venezuela traballara neso cun parente noso que ten un taller alá. Anímecino pa que puñera un talleriño pequeno e asi foi.

Foron pasando os meses e ibase poñendo contento. Hasta creo que cheguei a olvidar-me de aquilo.

Unha noite sentia un mundo de jaleo á porta da casa. Manuel inda non chegara porque desde que salía a traballar sempre iba botar a partida á taberna do Chapeló, un bariño que está aí cerca do muelle. A min estrañoume aquelas voces e a aquela hora, ademais estaba chovendo a Dios dar.

Salín á porta e ao mirarme a min vin que quedaban parados. Eu non desconfiaba nada e preguntei que pasaba. Dixeronme que seica un home se lastimara no muelle. Eles ben sabían a verdá pero non me quiseron decir nada.

Dali a un momento chegou Pepe o Chiquitin, que é veciño noso. Dixome que Manuel levara un golpe, que foran con el ao médico, que non me preocupara que el pensaba que era pouca cousa.

A tronada seguía e de repente volvinme a acordar de todo. Non me engañedes: a Manuel matouno un raio! [Chora. Non é capaz de continuar coa historia. Mais tarde foi posíbel completála. Manuel estaba como todas as noites na taberna do Chapeló co seu amigo Figueiro. Este seguida a traballar coa dorna de Manuel e aquela noite, debido ao temporal, colleu medo de que o mar a desfixese contra o peirán, e pediulle ao amigo que o acompañase para a asegurar. Figueiro manipulaba os cabos desde o peirán e Manuel desde o barco. Cando este tiña o rizón na man, caíu unha faísca que despois de rondar a dorna várias veces,

o deixou morto no momento. Foi un vinte e catro de Marzo ás once da noite. Exactamente un ano despois que a súa muller tivera a visión que relatamos]”.

¿Que atitude debemos adoptar ante feitos como estes?. A aceptación do fenómeno precognitivo parece implicar, en primeiro lugar, que o futuro ou polo menos partes do futuro están programadas e, en segundo lugar, que temos a capacidade de as prever. O tema en principio parece propio dos mitos populares se non fose porque un número de científicos que cada vez vai en aumento non só están interesados na materia senón que chegan a manter que a crenza na precognición non é inconsistente coas modernas teorías do espazo e do tempo.

A idea de que a ciencia se opón á previsión é, por suposto, completamente errada. O estudo da astronomía capacítanos para prognosticar a aparición dun cometa e, por citar algo máis cotidiano, dínos a hora en que o sol sairá mañá.

Hai máis: definiuse a ciencia como a posibilidade de predicir resultados. Por outra parte tamén é verdade que o que se nega é que a mente humana teña capacidade para predicir eventos non baseados en experiencias previas ou nun proceso de dedución racional, isto é, profecías tais como asegurar o número de anos que vai vivir unha persoa ou que número vai saír premiado na lotaría.

O que teríamos que analizar é se existe algunha posibilidade de que, a pesar de darse un coñecemento do futuro non baseado en inferencias do pasado ou do presente, tal coñecemento non fose contraditorio cos paradigmas científicos. E aquí entramos de cheo noutra dificultade que se aduce moitas veces en contra da premonición: que se trata de algo “inconcebíbel”.

Permitásemos dicir que o argumento da “inconcebibilidade” aplicadô á premonición ou a calquera outra materia é, polo menos, moi sospeitoso. Moitos dos descubrimentos científicos que hoxe son lugares comúns eran imposíbeis para a xeración anterior. Flammarion, o astrónomo francés, conta que el estaba presente cando a Academia Francesa das Ciencias investigaba o fonógrafo de Edison. Un dos científicos increpou ao presentador do experimento: “¡Parvo! Non estamos dispostos a nos deixar enganar por obra dun ventrílocuo”. Isto aconteceu en 1878.

A mesma persoa, seis meses despois, e despois de examinar cuidadosamente o fonógrafo, declaraba de novo que “era imposíbel admitir que un vil metal puidese facer a función da fonación humana”. Segundo esta postura, o fonógrafo non era máis do que unha ilusión acústica. Non existía porque *non podía existir*, era inconcebíbel. Debemos perguntar se algo disto non estará a pasar con fenómenos como a telepatía e a precognición.

O que antecede non demostra que a precognición e experiencias similares sexan verdadeiras, senón unicamente que corremos o perigo de dar por suposto que está demostrado antes de tempo que son falsas. Impónse, portanto, o ver se é posíbel subsumir nalgunha teoría estes feitos con que con tanta frecuencia nos atopamos na Galiza tradicional e que, se queira ou non, se viven como un reto desde o saber “cientí-

fico". Saber, non se pase por alto, que se desenvolve nun contexto social —o urbano— onde estes fenómenos son, polo menos comparativamente, case socialmente inexistentes.

O primeiro que hai que dicir entrando nesta liña é que o problema de premonición é altamente complexo. Non se trata unicamente de establecer os feitos, senón que se impón solucionar, ademais, o problema da Natureza do Tempo, cuestión na que, todo hai que dicélo, nen filósofos nen científicos chegaron a unha solución socialmente aceptada.

Non é a nosa función como antropólogos elaborarmos solucións deste tipo, senón utilizar, para dar sentido ao noso problema, as armas que nos parecen mellores e que outros elaboraron. Entre as teorías sobre o Tempo que tratan de integrar o fenómeno da premonición, dúas son as que nos parecen mais suxerentes e que vamos denominar do "Tempo intuitivo" e do "Tempo inconsciente".

Segundo a primeira, o Tempo, no sentido con que na linguaxe ordinária utilizamos esa palabra, é algo *artificial* que unicamente por conveniència nosa dividimos en horas, días, meses, etc. Falando estritamente, porén, "o tempo é a nosa experiencia da sucesión dos eventos", e enfatiza aos defensores a palabra "experiencia". Podemos ver unha estrela nunha certa posición no ceu e parecemos que efectivamente ahi está, mais a posición en que agora vemos a estrela é a que ocupaba hai miles de anos luz, e a posición real que actualmente ocupa só será percebida polos habitantes da terra que vivan miles de anos despois de nós.

E preciso, portanto, distinguir entre a "*realidade*" do evento e a "*experiencia*" que temos del. Calquera que fose capaz de perceber o evento no momento que sucede parecería aos demais que tiña unha "precognición" do que eles mais tarde verían.

A precognición aparentáenos como algo impensábel porque estamos afeitos a pensar o Tempo dando realidade obxectiva ao que é unha medida artificial e abstracta; se fôsemos capaces de pensar o Tempo como "experiencia" —"a experiencia da sucesión dos eventos"— non habería razón nengunha pola que diferentes persoas non pudesen *experimentar* o mesmo suceso en tempos distintos. O punto en que mais insiste a teoría é que o home non percebe *feitos* senón unicamente é consciente de *experiencias* de feitos. As precognicións non serían mais que a anticipación dunha experiencia por parte dunha persoa normal, pero en momentos privilexiados, do que a maioría experimentaría nun momento posterior.

A outra teoría, quizá mais comprensíbel, defende que o subconsciente ten un rádio de visión mais amplo que o consciente. A función da conciencia parece que se centra nos obxectos que analiza con un forte grao de concentración, mais, ao facelo, o campo perde en extensión; a experiencia dinos que canto mais atentos estamos a un suceso menos sensíbeis somos ao que sucede na perifería.

O subconsciente, aínda que de modo menos claro e distinto, está capacitado para reter unha captación mais ampla e, por tanto, pode enfrentarse a problemas

muitas veces por similitude e analoxia que caen alén do campo do consciente. E algo semellante ao que acontece con algúns animais con ollos situados mui lateralmente, de sorte que poden ver cousas que están case ás súas costas, cousa que resulta imposible para os que teñen os ollos situados en posición frontal; se isto fose así, o noso campo perceptivo, e concretamente visual, non estaría reducido ao que conscientemente podemos captar senón que incluíria o territorio do subconsciente.

Saltmarsh, un dos primeiros autores en desenvolver unha teoría deste tipo (1948), defende que o que chamamos “o presente” non é un punto sen magnitude, senón que implica duración. Se nos imaxinamos que estamos vendo unha película através dun buraco do tamaño dun alfinete veremos unicamente un campo limitado, entanto que a persoa que vise por un buraco mais grande podería ver un campo maior da pantalla e portanto, *sabe o que vai vir* antes que nós, que miramos pola nosa pequena abertura, e pode dicernolo.

De non sabermos a explicación, poderíamos sospeitar que o outro está tendo unha premonición.

E probábel que o subconsciente teña *sempre* presente este coñecimento de amplo espectro, o que sucede é que ao consciente, implicado como está na rutina do presente, pasanlle desapercibidos ordinariamente moitos destes datos; só en momentos privilexiados, como o soño ou outros instantes de particular relaxación, faise mais factíbel a comunicación entre ambos os dous.

Para os defensores da teoría, isto habería que aplicar tamén á intuición. A persoa intuitiva é aquela que fai mais uso que o normal da percepción subconsciente e infere a partir dela. O caso do científico que fai o seu descubrimento non cando está concentrado no estudo senón cando se retira a descansar é, polo menos, suxerente neste contexto.

A conclusión que cremos poder tirar de todo isto é que non se pode rexeitar a posibilidade da precognición até que non aprofundemos mais na natureza do Tempo e na natureza e funcións do subconsciente. Moito do que até aquí dixemos son só analoxías que en si nada *proban*, mais o que elas suxiren poden servir para nos axudar a ser menos dogmáticos nas nosas afirmacións sobre a imposibilidade de certos fenómenos. Convencernos de que aínda non temos resposta para o problema é o primeiro paso para poder dar un día coa solución.

Referencias citadas

- Egli: *Ego integrity, identity status and death perspectives*, Michigan, 1981.
Goodman: *Family environment correlates of Death Anxiety*, Michigan, 1981.
Gondar: “Muerte” en *Gran Enciclopedia gallega*, Santiago, 1983.
Hadfield: *Conceptual and methodological Issues in studying Precognition*, New York, Mac Grow-Hill, 1977.
Meisner: *Identity and Dreams*, New York, Norton, 1958.